



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 21 de outubro de 2021 (1092/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font (online)  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro (online)  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e un de outubro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular do servizo de Asesoramento da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(912).- APROBACIÓN ACTAS:** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 07 de outubro e extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

**2(913).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA-BEADE”. EXPTE. 704/441.**

Visto o informe de fiscalización do 15/10/2021, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 14/10/2021, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA - BEADE”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo o de 2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 28.206,32 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.71 (“Human. Rúa Costa da Gándara”)*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:



## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que a documentación presentada xustifique os mesmos conforme o informe de 12 de xullo de 2021 da Enxeñeira de Camiños Canais e Portos municipal e do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	90,46
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	85,78
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,88
4	AVAN INTEGRAL S.L.	82,49
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,87
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	68,18

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado no primeiro lugar o 19 de xullo de 2021, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., que presenta a documentación requirida o 28 de xullo.

Logo da presentación da referida documentación detectouse un erro na oferta presentada por este licitador ao non coincidir os prezos con e sen IVE. A oferta presentada é a seguinte:

*“3.- Propón como prezo sen IVE do contrato o de 100.414,51 euros, sendo a cota correspondente o IVE a de 6.772,23 euros o que supón un prezo total do contrato de 134.315,82 euros”.*

Segundo a doutrina dos tribunais de recursos contractuais (entre outras, Resolución nº 352/2017 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid) “A valoración do prezo como criterio de adxudicación dun contrato suxeito á Lei de contratos del sector público debe facerse sen tomar en consideración o imposto sobre o valor engadido que recae sobre el”.

En consecuencia, o prezo a ter en conta na oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. é 100.414,51 euros (sen IVE) e 121.501,56 euros (co 21% de IVE), en lugar de 134.315,82 euros (IVE incluído) como se plasmou na acta da Mesa de Contratación da sesión do 21 de xuño de 2021 na que se trasladou o prezo con IVE erróneo sinalado polo licitador na súa proposición, arrastrándose este erro na oferta ata os informes de cálculo de valores anormais como de valoración do sobre C de datas 12 de xuño e 12 de xullo de 2021, respectivamente, que valoraron a oferta sobre un importe erróneo (111.004,81 euros) que se obtivo deducindo ao prezo con IVE indicado polo licitador na súa oferta o tipo impositivo do IVE aplicable a este contrato.

En base ao anterior, a Mesa de Contratación acordou na sesión do 12 de agosto de 2021, proceder ao exame para a corrección do erro indicado nas actuacións posteriores á apertura económica.

Na sesión do 2 de setembro de 2021 a Mesa aceptou o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 17 de agosto de 2021, así como o que completa o anterior de data 1 de setembro de 2021, no que se indica que o único erro detectado no informe dando conta de baixas con valores anormais de data 21 de xuño de 2021 radica na oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. e se constata que a oferta de ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. non contén valores anormais pero a oferta de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. si.

Ao abeiro do previsto na citada resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019 e, para os efectos de corrixir o erro detectado na tramitación deste procedemento evitando un recurso innecesario contra a adxudicación (artigo 44.3 da LCSP), a Mesa acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por canto a súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

**Terceiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.	90,04
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,81
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	83,44



## Concello de Vigo

Orde	Licitadores	Puntuación total
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,30
5	AVAN INTEGRAL S.L.	79,77
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	61,24

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. (B-36.805.679), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L., o día 16 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 29 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 6 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder ao licitador un prazo de tres días para que puidese acreditar a solvencia técnica e financeira de conformidade co esixido na cláusula 8.4.4º do prego de cláusulas administrativas particulares.

Durante o prazo concedido, o 11 de outubro de 2021, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. presenta nova documentación, sendo esta correcta, polo que a Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2021 acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 16 de xuño e 8 de setembro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusión de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de setembro de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.*
2. *Adxudicar a ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. (B-36.805.679) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara–Beade” (704-441) por un prezo total de 124.630,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.630,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(914).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO". EXPTE. 894/441.**

Visto o informe de fiscalización do 15/10/2021, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 14/10/2021, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

##### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



## Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" redactado polo Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.320.000,00 €.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 24/06/2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL EUROS (2.320.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 402.644,63 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.60 (Peatonalización Praza Elíptica), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2021	2.320.000,00 €
TOTAL	2.320.000,00 €

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado o 21 de setembro de 2021 pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,25
2	ORECO, S.A.U.	96,06
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,83
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,97
5	UTE CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,15

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.





## Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 9 e 21 de setembro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado o 21 de setembro de 2021 pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento.*
2. *Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441) por un prezo total de 2.041.832,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 354.367,54 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(915).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6670/241.**

Visto o informe de fiscalización do 13/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 08/10/2021, asinada pola técnica de Admon. Xeral do servizo, pola xefa do servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de área e pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) (PPT)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), en sesión do 16 de outubro de 2020, adxudicou á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L. (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446), consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local o 13 de maio de 2020, e a oferta presentada.

O referido contrato formalizouse en documento administrativo o 12 e 14 de xaneiro de 2021, por un prazo de 5 anos, contado a partir do día 16 de xaneiro de 2021. As prestacións vinculadas á “*Conservación e reposición do parque do Castro*” comezarán a executarse nesa data, e o resto o día 1 de febreiro de 2021. Non se contempla prórroga ningunha.

**Segundo.-** En data 1 de outubro de 2021 a adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, emiten informe no que propoñen o inicio de expediente de modificación do contrato con efectos desde o 1 de novembro de 2021.

**Terceiro.-** Con data do 4 de outubro de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato.

**Cuarto.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido ao efecto, o 6 de outubro de 2021, o contratista presentou a súa conformidade coa modificación mediante escrito rexistrado co número 210202482.



**Concello de Vigo**

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá

facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.

- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación contempla a modificación no apartado 15 do Anexo I -FEC- do PCAP nos seguintes termos:

*“A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*

*B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*

*C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*

- *Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.*
- *Incorporación de novas zonas.*

*D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato*

*E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:*

*O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude.*

*O estudo deberá establecer cales son os m<sup>2</sup> vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificadas na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizos incluídos no PLAN DE SERVICIOS vixente en cada momento. A dito informe sobre m<sup>2</sup> de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación”.*

O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP recolle os prezos unitarios que serán de aplicación no suposto de modificación do contrato.

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola incorporación de novas zonas verdes (por disolución de Entidades de Conservación Urbanística, recepción de humanizacións ou cesións que non puideron terse en conta no seu día) e pola detracción de zonas cuxo mantemento pasou a ser obxecto de contratos doutra administración.

Informan ao respecto o 1 de outubro de 2021 a adxunta e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, xustificando a concorrencia das circunstancias que permiten a modificación:

*“No período transcorrido desde a redacción e inventariado das zonas obxecto do contrato e o inicio da prestación do servizo pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.*



## Concello de Vigo

e MANTÉN S.L. (16/01/2021), producíronse alteracións na relación de zonas verdes obxecto do contrato por:

- Incorporación de novas zonas verdes pertencentes a Entidades de Conservación Urbanística que, tras presentar a solicitude para a súa disolución, a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, procedeu á aprobación expresa da súa disolución.
- Incorporación de zonas verdes de nova creación que non puideron ser recollidas no seu día debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.
- Detracción de zonas que finalizados os Convenios “Abrir Vigo ao Mar” e “Convenio de colaboración entre o municipio de Vigo, a Autoridade Portuaria de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para a construción e mantemento do Paseo Marítimo de Bouzas”, o seu mantemento pasou a ser obxecto de contratos doutra administración.

Todas estas circunstancias obrigan a unha nova actualización do inventario para poder manter aquelas zonas que na actualidade carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioros importantes que dean lugar a unha merma do patrimonio municipal; e, polo tanto á necesidade de tramitación dun novo expediente de modificación do contrato que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local.

### 2.1.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN

As superficies ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da licitación (expediente 12853/446), detállanse a continuación:

Zonas Verdes	Listado da adxudicación	Listado da modificación	Superficie
Tipoloxía A (Has)	4,7787	-1,0262	3,7525
Tipoloxía B (Has)	68,7253	-0,4549	68,2704
Tipoloxía C (Has)	78,9481	0,3993	79,3474
Tipoloxía D (Has)	18,3488	0,0000	18,3488
Tipoloxía E (Has)	23,9362	0,3868	24,3230
Tipoloxía H (Has)	1,8463	0,0000	1,8463
Tipoloxía M (Has)	14,6616	0,0417	14,7033
Tipoloxía R (Has)	9,1032	-0,5787	8,5245
Tipoloxía F (Has)	88,3730	0,1045	88,4775
Arborado. (unidades)	11.355	-107	11.248
Xardineiras (m <sup>2</sup> )	10.700,94	1.181,57	11.882,51
Xardineiras colgantes (unidades)	128	0	128

Xardineiras individuais (unidades)	173	0	173
OLIVEIRA SENLLEIRA	1	0	1

O cálculo do valor económico da ampliación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía, o prezo unitario correspondente segundo o previsto no apartado 3.G) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC, toda vez que non resulta de aplicación a cláusula 15D do PCAP no que a especialidades se refiere.

Os prezos unitarios ofertados pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 16 de outubro de 2020, supoñen unha baixa do 1,57% sobre o orzamento inicial. Aplicando esta porcentaxe de baixa, os prezos unitarios correspondentes a cada unha das tipoloxías son:

Zonas Verdes	Prezo Unitario (€/ano)	Baixa Adxudicación	Prezo Unitario Vixente (€/ano)
Tipoloxía A (Has)	29.132,48 €	1,57%	28.675,10 €
Tipoloxía B (Has)	18.965,08 €	1,57%	18.667,33 €
Tipoloxía C (Has)	17.696,53 €	1,57%	17.418,69 €
Tipoloxía D (Has)	9.884,86 €	1,57%	9.729,67 €
Tipoloxía E (Has)	9.010,05 €	1,57%	8.868,59 €
Tipoloxía H (Has)	6.949,02 €	1,57%	6.839,92 €
Tipoloxía M (Has)	9.750,29 €	1,57%	9.597,21 €
Tipoloxía R (Has)	29.106,87€	1,57%	28.649,89 €
Tipoloxía F (Has)	3.508,62 €	1,57%	3.453,53 €
Arborado. (unidades)	109,66 €	1,57%	107,94 €
Xardineiras (m <sup>2</sup> )	146,79 €	1,57%	144,49 €
Xardineiras colgantes (unidades)	146,09 €	1,57%	143,80 €
Xardineiras individuais (unidades)	146,09 €	1,57%	143,80 €
OLIVEIRA SENLLEIRA	4.327,16 €	1,57%	4.259,22 €

Os importes correspondentes as superficies modificadas son:

	Superficies	Precio Unitario	Importe anual
Tipoloxía A (Has)	-1,0262	28.675,10 €	-29.426,39 €
Tipoloxía B (Has)	-0,4549	18.667,33 €	-8.491,77 €
Tipoloxía C (Has)	0,3993	17.418,69 €	6.955,28 €



## Concello de Vigo

Tipoloxía D (Has)	0,0000	9.729,67 €	0,00 €
Tipoloxía E (Has)	0,3868	8.868,59 €	3.430,37 €
Tipoloxía H (Has)	0,0000	6.839,92 €	0,00 €
Tipoloxía M (Has)	0,0417	9.597,21 €	400,20 €
Tipoloxía R (Has)	-0,5787	28.649,89 €	-16.579,69 €
Tipoloxía F (Has)	0,1045	3.453,53 €	360,89 €
Arborado. (unidades)	-107	107,94 €	-11.549,58 €
Xardineiras (m <sup>2</sup> )	1.181,57	144,49 €	170.725,05 €
Xardineiras colgantes (unidades)	0	143,80 €	0,00 €
Xardineiras individuais (unidades)	0	143,80 €	0,00 €
OLIVEIRA SENLLEIRA	0	4.259,22 €	0,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>115.824,36 €</b>

O importe económico anual resultado dos cambios de superficie desta modificación é de 115.824,36 €/ano. (9.652,03 €/mes). A determinación do prezo total da ampliación quedará definida pola condición dos prazos de inicio para as diversos servizos. Estímase que a prestación dos servizos en todas as áreas incorporadas á modificación iniciárase o vindeiro 01 de novembro, agás as prestacións vinculadas á conservación e mantemento das árbores, xardineiras e superficies incluídas nas obras de reforma do boulevard de Gran Vía Norte (tramo entre M<sup>a</sup> Berdiales/Brasil – Venezuela) que se iniciarán a partir do 01 de decembro de 2021, data na que remata o contrato de mantemento incluído no contrato de obras para a construción das ramplas mecánicas. Polo tanto, o importe anual a minorar por estas prestacións sería:

	Superficies	Prezo Unitario/ano	Importe anual
Tipoloxía R (Has)	0,1586	28.649,89 €	4.543,87 €
Xardineiras (m <sup>2</sup> )	269,17	144,49 €	38.892,37 €
		<b>TOTAL</b>	<b>43.436,24 €</b>

O importe anual a detraer é de: 43.436,24 euros, o que equivale a un importe mes de 3.619,69 €, polo cal o prezo do contrato para a primeira anualidade, será minorado neste importe mensual dende a data de formalización do contrato de ampliación (prevista para o 01 de novembro) ata o 30 de novembro de 2021. Polo tanto, a minoración de custes por estas prestacións durante o ano 2021 correspóndese cun período dun mes (novembro) e un importe de 3.619,69 €; sendo os importes imputables por períodos :

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2021	Do 1 de novembro a 31 de decembro	15.684,37 €	0,0465%

Ano 2022	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	115.824,36 €	0,3437%
Ano 2023	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	115.824,36 €	0,3437%
Ano 2024	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	115.824,36 €	0,3437%
Ano 2025	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	115.824,36 €	0,3437%
Ano 2026	Do 1 de xaneiro a 15 de xaneiro	4.826,02 €	0,0143%
<b>Total</b>		<b>483.807,83 €</b>	<b>1,4356%</b>

A porcentaxe desta modificación (1,44%) non supera o 20% do prezo de adjudicación do contrato, porcentaxe máxima de modificación do mesmo que recolle o prego de cláusulas administrativas no apartado 15.D das follas de características do contrato (FEC). O importe da modificación será imputable ao Concello e supón un total anual de 115.824,36 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de 9.652,03 €; cantidade que se aboará ao contratista a partir da data de entrada en vigor do contrato da presente ampliación, trala sinatura previa do mesmo polas partes.

Este importe anual pódese cargar á partida 1710 – 2279901

En cumprimento da cláusula 29 “Persoal do contratista” do prego de cláusulas administrativas en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ao servizo, sendo ao seu cargo o incremento dos custes que se produza por tal causa. Do mesmo xeito deberá dispor dos medios materiais e vehículos necesarios para o cumprimento do nivel de calidade que indica o prego de prescricións técnicas”.

O informe transcrito contén 3 anexos (ANEXO I. Arborado, ANEXO II. Xardiñeiras e Anexo III. Zonas verdes) no que se identifican as zonas obxecto de modificación.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos aspectos a modificar previstos no PCAP toda vez que, obedece á diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto do contrato e débese a alteracións producidas na superficie das zonas verdes ou incorporación de novas zonas.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 483.807,83 euros, que equivale a un 1,44% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D das FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

**-III-**

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:





## Concello de Vigo

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación está prevista no PCAP e a porcentaxe da modificación é moi inferior ao 20%.

O contratista prestou a súa conformidade coa modificación mediante escrito presentado o 6 de outubro de 2021.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público que é garantir o mantemento das zonas verdes e os parques forestais de competencia municipal (competencia obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.d e 81.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia).

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do informe do servizo xestor, a modificación ascende a 483.807,83 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1710. 2279901.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que os órganos de contratación que tiveran modificado un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, a excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o correspondente anuncio de modificación. Dado que o suposto de modificación non está dentro dos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, non é necesaria a súa publicación no DOUE.

No entanto, continúa o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos

aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 19.992,06 euros.

#### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

#### **-VI-**

#### **Recursos**

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### **-VII-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3



## Concello de Vigo

TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### -VIII- Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

**1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe. A modificación consistirá na incorporación de novas zonas verdes (por disolución de Entidades de Conservación Urbanística, recepción de humanizacións ou cesións que non puideron terse en conta no seu día) e pola detracción de zonas cuxo mantemento pasou a ser obxecto de contratos doutra administración.**

**2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 483.807,83 euros (1,44% do prezo do contrato), con cargo á aplicación orzamentaria 171022799.**

**3º.- Unha vez adoptado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 19.992,06 euros.**

**4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.**

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(916).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ORGANIZIA EVENTOGLOBAL, S.L., PARA ORGANIZACIÓN DE PROBA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA/LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA E DÚAS PROBAS DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI-PRAIA. EXPTE 20694/333.**

Visto o informe xurídico do 30/09/2021 e o informe de fiscalización do 13/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 28/09/2021, asinado polo xefe do servizo de Deportes-director deportivo, polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 20694/333 sobre a proposta de subvención a favor de Organizia Eventoglobal S.L en relación á organización dunha proba do campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e dúas probas do Cto. Galego de Volei Praia, e atendendo á detección dun erro na identificación da entidade beneficiaria, procede a modificación da proposta tal e como a continuación se detalla:

1. Modificouse o apartado primeiro da parte propositiva da proposta, quedando a mesma tal como se detalla:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de Organizia EventoGlobal S.L., CIF: B36915585 pola organización dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e dúas probas do campionato galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo as observacións detalladas:

### **INFORME PROPOSTA**

Con data 29/06/2021 o Concelleiro de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade Organizia EventoGlobal S.L. pola organización dos eventos deportivos Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e dúas probas do campionato galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo no entorno da Praia de Samil ó longo do mes de xullo de 2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que plantexa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a



## Concello de Vigo

partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade Organizia Eventoglobal S.L solicitou ó Concello de Vigo con data 23/06/2021 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, dunha proba integrada no Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e de dous probas integradas no Campionato Galego de Volei Praia, que terán ademais a consideración de Trofeos Cidade de Vigo, para as que conta coa exclusividade segundo se deriva das certificacións emitidas polas Federacións de ambas modalidades. .

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento destes eventos deportivos segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 22.000,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e autonómico e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude, circunstancia impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

A entidade será a responsable única da organización xeral dos eventos, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados da mesma.

O Gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 22.000,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 10.000,00€ en concepto de subvención.

A celebración destes eventos deportivos na cidade de Vigo supoñen un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de vigo como "Cidade do deporte".

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- a) Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
  - Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
  - Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema



## Concello de Vigo

Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A entidade terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de Organizia EventoGlobal S.L., CIF: B36915585 pola organización dunha proba do Campionato de España/Liga Mapfre de Tenis Praia e dúas probas do campionato galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€. a favor da entidade Organizia Evento Global S.L co CIF: B.36915585 e enderezo social na rúa Avda de Samil, 99,-2, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 20694-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.470.00.00 do vixente orzamento.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(917).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL E ALUGUEIRO DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA, POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA ‘VIGO EMPREGA’. EXPTE. 24875/332.**

Visto o informe xurídico do 14/10/2021 e o informe de fiscalización do 15/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/10/2021, asinado pola xefa do servizo de

Educación, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 20 de abril de 2021, o concelleiro delegado de Educación resolveu “Iniciar o expediente administrativo para a contratación da adquisición do material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de Educación Infantil e Primaria polo persoal beneficiario do Programa Vigo Emprega”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 19/04/2021.
- Resolución do concelleiro de Educación de 20/04/2021, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria Económica, redactada polo Servizo de Educación o 20/09/2021 e conformada polo concelleiro de Educación en data 21/09/2021, á vista das novas previsións de prazos de realización do programa “Vigo Emprega”
- Documentos económicos de certificados de créditos (RC 202100092385 e RCFUT 92387), de 21/09/2021.
- Declaración dos redactores do Prego técnico, do 23/09/2021.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e anexo de data 23/09/2021, redactados polo Servizo de Educación.
- Memoria Xustificativa de data 23/09/2021, redactada polo Servizo de Educación.
- Informe de data 30/09/2021 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 30/09/2021, redactado polo Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

**Obxecto:** A adquisición de material e o aluguer de maquinaria para a realización de obras de mantemento e conservación nos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Concellería de Educación polo persoal beneficiario do Programa “Vigo emprega”, relacionados no anexo ao PPT, así como os materiais requiridos polo Concello de Vigo que non figuren nese anexo, sempre que se atopen dentro das familias sinaladas nos lotes, e ata un máximo do 10% do prezo do contrato

**Duración:** Trece (13) meses; non se contemplan prórrogas.

**Prezo:** O prezo do contrato estímase en 145,609,48 euros (120.338,41 euros máis 25.271,07 euros en concepto de IVE a soportar pola administración).

**Anualidades:** A distribución orzamentaria por lotes e por anualidades recóllese na seguinte táboa:

<b>Distribución orzamentaria por anualidades (importes con IVE)</b>
---





## Concello de Vigo

Lotes	Total	2021	2022
Lote 1	17.795,06	2.943,30	14.851,76
Lote 2	41.684,27	5.306,47	36.377,80
Lote 3	2.341,29	465,44	1.875,85
Lote 4	56.365,95	7.610,57	48.755,38
Lote 5	3.238,26	542,01	2.696,26
Lote 6	8.884,50	968,05	7.916,45
Lote 7	12.715,18	2.894,51	9.820,66
Lote 8	2.584,97	445,16	2.139,81
<b>Total</b>	<b>145.609,48</b>	<b>21.175,51</b>	<b>124.433,97</b>

Aplicación orzamentaria: 3230.212.0000 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios”.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos Colexios de Educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa ‘Vigo Emprega’.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de 23/09/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 30/09/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 145.609,48 euros IVE incluído (21.175,51 euros no exercicio orzamentario 2021 e 124.433,97 euros no exercicio 2022) para a contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos Colexios de Educación Infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa ‘Vigo Emprega’, por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.212.0000 (Reparacións e mantemento edificios dos colexios).

O valor estimado do contrato estipúlase en 120.338,41 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(918).- MODIFICACIÓN DE ANEXO DA PROPOSTA DO CONVENIO COA “UNIÓN COMARCAL DE U.G.T. VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO-ASESORAMENTO PERSOAS AFECTADAS POR ERTE, E PERSOAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 18206/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/10/2021, asinado pola xefa do servizo de Emprego e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local o 20 de agosto de 2021 visto o informe xurídico do 05/08/2021 e o informe de fiscalización do 11/08/2021 acordou aprobar a proposta do informe da técnica de xestión de Desenvolvemento Local e Emprego (por ausencia da xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local) conformada polos concelleiros delegados de Cultura e Emprego e de Orzamentos e Facenda nos seguintes termos:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Unión Comarcal UGT Vigo, con CIF: G-15383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Activigo.
- 2) Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021.
- 3) Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

II. En outubro de 2021 remitiuse a U.G.T. solicitando a sinatura dixital do convenio, advirtindo a entidade, que revisando documentación para a xustificación, que hai un erro no apartado I. do manifesto e pacto do convenio, onde se fixan os obxetivos do convenio, que coinciden cos da memoria xustificativa, polo que é necesario facer unha serie de modificacións no texto de convenio proposto que se inclúen, solicitando de novo a súa aprobación.

IV. Advertida o erro no texto, se procede a súa corrección, incorporando a descripción correcta das actividades obxecto do convenio, sen que a presente modificación requira de novo informe da Intervención Xeral Municipal por tratarse dunha mera corrección de erro



## Concello de Vigo

material, xa que non afecta o crédito dispoñible nas aplicacións orzamentarias para facer fronte o gasto.

As modificacións propostas no texto do convenio limítanse as seguintes:

- Modifícase o párrafo I. Do pacto PRIMEIRO, no que se establecen as actividades a realizar obxecto de subvención :

- Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego.
- Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención ao cumprimento das normas sanitarias e de Seguridade e Saúde laboral.
- Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
- Difusión da información.
  - Programación de reunións de traballo.
  - Atención directa.
  - Contacto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
  - Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.
  - Información e difusión a través das TICs.

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 2 de outubro, de rectificación de erros as Administraciones Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**Primeiro.-** Modificar o párrafo I. Do pacto PRIMEIRO do Anexo que contén a proposta de convenio entre o Concello de Vigo que se xunta ao presente acordo e a “Unión Comarcal UGT Vigo, con CIF: G-15383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Activigo. 2021, e cuxa redacción definitiva se incorpora como Anexo do presente expediente, co seguinte tenor literal:

1. Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego.

2. Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención ao cumprimento das normas sanitarias e de Seguridade e Saúde laboral.

3. Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.

4. Difusión da información.

- Programación de reunións de traballo.
- Atención directa.
- Contacto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
- Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.
- Información e difusión a través das TICs.

**Segundo.-** Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.

**Terceiro.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO. NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ACTIVIGO (EXPTE. 18206/77)**

Vigo, data segundo sinatura dixital



## Concello de Vigo

### REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, con DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 18206/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado o 04/05/2021.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

### MANIFESTAN

**PRIMEIRO:** Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios coa “UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO”, para a o desenvolvemento do “Proxecto Activigo”*

Neste marco normativo, cómpre subliñar que o fomento do emprego constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da Xunta de Goberno Local do 09/03/2012) en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, e para iso cómpre poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión Comarcal de UGT de Vigo.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo.

A colaboración coa Unión Comarcal de UGT de Vigo, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais se fose necesario e do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás persoas mozas e as persoas desempregadas de longa duración, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

## **MANIFESTAN**

**I.-** Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 06/05/2021 cos nº de doc. 210078960 e 210078964, respectivamente, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego.
2. Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención ao cumprimento das normas sanitarias e de Seguridade e Saúde laboral.
3. Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
4. Difusión da información.
  - Programación de reunións de traballo.
  - Atención directa.
  - Contacto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
  - Acompañamento e axuda na inscrición aos programas.
  - Información e difusión a través das TICs.

**II.-** Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal de UGT de Vigo, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.



## Concello de Vigo

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral, e das persoas desempregadas en particular.

**III.-** Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de UGT de Vigo entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2021, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

**V.-** Que a Unión Comarcal de UGT de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público e social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal de UGT de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Unión Comarcal de UGT de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición deles canta información e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego da xente moza e das persoas desempregadas de longa duración.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor e da concellaría de Cultura e Emprego, das seguintes actividades:

1. Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego.
2. Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención ao cumprimento das normas sanitarias e de Seguridade e Saúde laboral.
3. Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento das diferentes administracións.
4. Difusión da información.
  - Programación de reunións de traballo.
  - Atención directa.
  - Contácto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
  - Acompañamento e axuda na inscrición dos programas.
  - Información e difusión a través das TICs.
5. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
6. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
7. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
8. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
9. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- b) Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- c) Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de UGT de Vigo.
- d) Conceder directamente á Unión Comarcal de UGT de Vigo unha subvención por importe de 37.000,00 €, dos que 36.000,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal de nova contratación e da propia entidade e 1.000,00 € para outros gastos, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do emprego", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.





## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura e Emprego.

**Oitavo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Noveno.-** Comisión de seguimento.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Cultura e Emprego, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
  1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
  2. Dous membros da Unión Comarcal de UGT de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- ✓ Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- ✓ Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- ✓ Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **15 de outubro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou



## Concello de Vigo

telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerárase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectirase nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e

demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2021.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. O xefe/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

**Décimo cuarto.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións,



## Concello de Vigo

axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo oitavo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal de UGT de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2021.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, data segundo sinatura dixital.

Concelleiro delegado de Cultura e Emprego	O Secretario de Organización e Administración da "UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA"
Abel Fermín Losada Álvarez	Don José Luis Fernández Celis

### **8(919).- PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TRABALLADOR CONTRATADO AO ABEIRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, NA CATEGORÍA DE BENEFICIARIOS. EXPTE. 18714/77.**

Visto o informe de fiscalización do 07/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/10/2021, asinado pola xefe do servizo e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*.

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións de técnicos-xestores do "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007" (Exp.**17069/77**) derivadas da entrada en vigor do Real Decreto-Ley 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aprobaban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba na porcentaxe do 2% ás retribucións do persoal contratado



## Concello de Vigo

con cargo ao PME - agás ao persoal beneficiario ao que lles é de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2020 (peóns e auxiliares administrativos) , resultando de aplicación con efectos desde o 01/01/2020.

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30 de abril do 2020, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo (Exp.**17046/77**), logo da Comisión de Seguimento do Acordo marco renunida o 5 de marzo de 2020, formada por representantes do Concello de Vigo e centrais sindicais (CC.OO, UXT e CIG), co fin garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondentes a casa posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo a súa responsabilidade categoría e funcións, dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP nº 88 do 11 de maio de 2020.

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as e técnicos-xestores, do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo (Exp.**18014/77**), Idacordo co reflectido na táboa publicada no BOP nº 61 do 31 de marzo de 2021.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Actualización

No BOE núm. 233 do 29/09/2021, publicouse o Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, dispoñendo, que no ano 2021, *o sal mínimo para cualesquiera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo ni idade dos traballadores, queda fixado en 32,17 euros/día ou 965 euros/mes, segundo o salario esté fixado por días ou por meses.*

Tendo en conta esta disposición, e en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego no ano 2021, resultando de aplicación con efectos desde o 01/09/2021 a **Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego** que actualmente están o estiveron contratados, persoal alumnado-traballador nos programas “Vigo Capacita VI” , O.E. de garantía xuvenil FORMAWEB IV; programa de cooperación RISGA “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo” , categoría de persoal traballador beneficiarios, que actualmente están contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

O incremento salarial derivado desta suba por importe de **2.242,80 €**, imputarase con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **“REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO”:**

- **564,37€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 *GASTOS PERSOAL*  
*“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo”*

- **208,43€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 *SEGURIDADE SOCIAL*  
*“Rehabilitación de lavadoiros nas beirarruas da cidade de Vigo”*

- **OE “VIGO CAPACITA VI”:**

- **350 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310008 *GASTOS PERSOAL* “VIGO  
CAPACITA VI”

- **OE “FORMAWEB IV”:**

- **1.120 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 *GASTOS PERSOAL*  
“FORMAWEB IV”

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Actualizar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, as retribucións do persoal traballador beneficiarios, incluídas nas táboas salariais do *“Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007”*, prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios, tal e como se amosa na táboa que se inclúe no Anexo I deste expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **2.242,80 €** derivados da entrada en vigor de dita norma con cargo ás partidas indicadas a continuación:

- **“REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS BEIRARRUAS DA CIDADE DE VIGO”:**

- **564,37€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 *GASTOS PERSOAL*  
*“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo”*





## Concello de Vigo

- **208,43€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 *SEGURIDADE SOCIAL "Rehabilitación de lavadoiros nas beirarruas da cidade de Vigo"*

- **OE "VIGO CAPACITA VI":**

- **350 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310008 *GASTOS PERSOAL "VIGO CAPACITA VI"*

- **OE "FORMAWEB IV":**

- **1.120 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 *GASTOS PERSOAL "FORMAWEB IV"*

**CUARTO:** Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO I

Táboas retributivas do persoal acollido ao "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*" na categoría de beneficiarios, derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021

BENEFICIARIOS:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.839,77	306,63	2.146,40	2.146,40	84/a	32,75	702,95	2.849,34
Diplomado	1.569,64	261,61	1.831,25	1.831,25	84/a	32,75	599,73	2.430,98
Xefe administrativo	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/a	32,75	478,37	1.939,05
Delineante	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/-	32,75	478,37	1.939,05
Tecnico PRL	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/-	32,75	478,37	1.939,05
Capataz-Construcción	1.252,01	208,67	1.460,68	1.460,68	84/d	37,80	552,14	2.012,81
Auxiliar topografo	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/-	32,75	407,30	1.650,97
Oficial albanel	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Oficial electricista	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Oficial fontaneiro	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. Carpintería aluminio	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Oficial Carpintería metálica	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. Desinfección	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/g	37,80	470,11	1.713,77
Of. Carpintería madeira	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. Pintor	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. mecánica automoción	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/d	37,80	470,11	1.713,77
Of. xardinaria	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/g	34,70	431,55	1.675,22
Of. conducción	1.066,00	177,67	1.243,66	1.243,66	84/f	37,80	470,11	1.713,77
<b>Auxiliar administrativo</b>	<b>965,00</b>	<b>160,83</b>	<b>1.125,83</b>	<b>1.125,83</b>	<b>84/a</b>	<b>32,75</b>	<b>368,71</b>	<b>1.494,54</b>
<b>Peón Xardinaria-Forestal</b>	<b>965,00</b>	<b>160,83</b>	<b>1.125,83</b>	<b>1.125,83</b>	<b>84/g</b>	<b>34,70</b>	<b>390,66</b>	<b>1.516,50</b>
<b>Peón construción</b>	<b>965,00</b>	<b>160,83</b>	<b>1.125,83</b>	<b>1.125,83</b>	<b>84/d</b>	<b>37,80</b>	<b>425,57</b>	<b>1.551,40</b>

## 9(920).- DAR CONTA DAS “NORMAS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2021”. EXPTE. 73/142.

Dáse conta da resolución do 15/10/2021, do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Aplicación subxectiva: Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo XMU.

Aplicación obxectiva: ás operacións e procedementos regulamentados nestas normas.

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2021 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións aos efectos de garantir que os procedementos de tramitación e procesos de contabilización se fagan tendo en conta o principio contable de devengo.

### I.- Antecedentes

A Resolución de 21 de MARZO de 2018, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación ao informe de fiscalización sobre a rendición de contas das entidades locais, exercicio 2015, (BOE nº 120 de 17 de maio de 2018), fai referencia a necesidade dunhas normas de peche.

Respecto das actuacións que se insta a realizar polos Entes Locais destacan:

- Establecer os mecanismos e procedementos internos necesarios para asegurar un adecuado seguimento do proceso de rendición das súas contas xerais, así como para que éste realícese no prazo legalmente previsto.
- Adoptar os procedementos necesarios para garantir que o orzamento cumpra coa súa función de instrumento efectivo da planificación da súa actividade económico-financiera,



## Concello de Vigo

para o que resulta esencial a aprobación e liquidación do mesmo dentro do prazo legalmente previsto.

- Adoptar as medidas necesarias para que o seu sistema de información contable permítalles efectuar actuacións de control financeiro, así como o cumprimento dos niveis de información e detalle esixidos para a memoria das contas anuais.
- Implementar os mecanismos apropiados para garantir a adecuada conexión entre os rexistros administrativos a través dos que se reciben facturas, co rexistro contable de facturas, para reducir o risco de erros, atrasos ou incidencias na anotación das mesmas, que puidesen afectar á fiabilidade da información contable.
- Elaborar e aprobar unha instrución que regule as operacións a realizar a peche de exercicio, de modo que se garanta a correcta aplicación dos principios de imputación orzamentaria, de devengo e anualidade orzamentaria.
- Aprobar polo Pleno das entidades locais normas para o exercicio e desenvolvemento da contabilidade financeira e seguimento da execución orzamentaria, que permitan o adecuado rexistro no sistema de información contable de todas as operacións, a aplicación homoxénea dos criterios a seguir na aplicación do marco conceptual da contabilidade pública e dos criterios de recoñecemento e valoración recollidos nas instrucións de contabilidade, así como facilitar o cumprimento dos fins da contabilidade local.

Aos efectos de dar cumprimento á Resolución do Alto Tribunal, esta Entidade dende hai máis de 12 anos, está aprobando unhas normas de peche, que ademais teñen regulación nas propias Bases de Execución do Orzamento (DA SEXTA).

Para conseguir os obxectivos de transparencia e cumprimento da LOEPSF, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou o seu Organismo Autónomo Administrativo, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Tamén se estaría a incumprir co Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2021, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2021, antes de empezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

En relación co prazo de xustificación das subvencións, o apartado 11 da Base 38ª das de Execución do Orzamento para o ano 2021, está a establecer o prazo límite da segunda semana do mes de novembro, polo que, os servizos xestores xa teñen a súa disposición a norma reguladora do prazo dende o 23 de decembro de 2020.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

## *II.- Tramitación de expedientes de contratos menores*

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 28 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.

En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para os suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada e verificada polo servizo correspondente a factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2021.

Sendo o prazo límite deste tipo de procedementos o do 28 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior, sendo obrigatoria a imputación do gasto (fase O), dentro do exercicio 2021.



## Concello de Vigo

### *III.- Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto*

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada no Servizo de Contabilidade o día 29 de decembro, para que sexan contabilizados con data 30.

As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de adxudicación nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión ao Servizo de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Se non se remítise o expediente fisicamente, ao menos haberá que facelo electronicamente.

De non facer a remisión, non será posible rexistrar a fase contable preceptiva e expedir o documento, en consecuencia, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2021, xa que un expediente que electronicamente se envíe ao servizo de Contabilidade con data 2022, non se poderá ser obxecto de rexistro contable con data 2021.

### *IV.- Fondos a xustificar*

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 28 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 30 de decembro, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición da conta dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das contas restrinxidas de pagos a xustificar ás contas operativas, de tal xeito que, o saldo líquido estea incluído na Acta de Arqueo de final de ano. En consecuencia, calquera que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación, o prazo de rendición é con data límite o 30 de decembro.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención, deberán renderse dentro do ano para facer o ingreso na Axencia Estatal Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres./as Habilitados/as.

#### *V.- Tramitación de Facturas*

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria “O” ou “ADO”, recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente ata o día 30 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos ou na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2021. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive). Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2021.

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2021, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2022. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artellar os procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e até o 30 de decembro.

Os responsables das sinaturas das facturas, extremarán a vixilancia para aquelas facturas que non tivesen entrada en FACe o 30 de decembro, xa que poderían ter entrada o 31 de decembro, día inhábil para os empregados da Entidade por Convenio, pero hábil a nivel nacional, polo que terían que asinar o documento o día 31 de decembro, posibilidade que permite o teletraballo, permitindo asinar o documento sen estar en situación de presencial.

A tramitación da factura comprende a fase Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade (D), Anulada polo provedor (A), Verificada de conformidade (V), polo que a data 30 de decembro, tan só pode estar en estado de Anulada (A), Devolta (D) ou conformada (V). Cando se produza unha devolución, hai que comunicar tal circunstancia ao servizo de Contabilidade aos efectos de facer o preceptivo rexistro da devolución na plataforma FACe, debendo figurar no expediente, a causa e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado.



## Concello de Vigo

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houbera incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2021, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estarase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende a súa conformidade), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para a súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Os responsables dos servizos, terán que solicitar dos provedores-contratistas, que remitan a factura dentro do ano, e antes de rematar a xornada do día 30 de decembro, debendo quedar a factura en algún dos estados antes relacionados (Verificada ou Rexeitada).

### *VI.- Xustificantes e rendición de subvencións*

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día para a súa xustificación, ata o de 16 de novembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

De non achegarse os xustificantes nos prazos establecidos nestas normas de peche, ou éstos non se axustaren ao previsto nas Bases e convocatoria ou no convenio, perderán o dereito a mesma.

De ser axustados ao obxecto e finalidade da mesma, a/o responsable fará constar que os xustificantes dan cumprimento á finalidade da subvención, emitindo informe proposta favorable para a súa rendición.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pago exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma. O/A xefe/a do servizo, na súa comprobación, emitirá un informe no que faga constar que a documentación recibida non se axusta ás Bases e convocatoria, polo que, propón a tramitación do importe parcial pola documentación aceptada como gasto elixible.

#### *VII.- Indemnizacións substitutivas*

No caso excepcionalísimo de tramitación de algún expediente que conteña procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" ata o día 15 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-possibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademáis, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, antes do 30 de decembro para a contabilización da Fase ADO, xa que ésta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2022.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán o procedemento regulado no artigo 28 do RD 424/2017, de 28 de abril e na Base 28ª das de Execución do Orzamento, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

De darse a excepcionalidade do caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2021 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que habería documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao orzamento sobre os que están a transcorrer os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos legais de pago.

#### *IX.- Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos*

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 16 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2021. En ningún caso quedarán os





## Concello de Vigo

expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo até que se realice a nova remisión.

En relación coas Ordes de pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. O Servizo de Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pagamento por devolución de ingresos indebidos con data límite do 22 de decembro e Tesourería deberá facer o pagamento dentro do ano 2021. De non cumprir coas datas, os expedientes de devolución de ingresos, tanto por ingresos indebidos como duplicados ou excesivos, a súa ordenación de pago deberá facerse no ano 2022.

*X.- Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.*

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a contabilización da baixa con data límite 15 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2021, deberán ser remitidos, con data límite 13 de decembro, sempre e cando, a unidade xestora do expediente (Xestión tributaria, Inspección, Seguridade, Recadación), remita o expediente para a súa contabilización antes do día 15 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen enviados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 15 de decembro, remitiranse para a súa contabilización con data 2022. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas no aplicativo de Recadación correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 15 de decembro, produciráse unha falta de conciliación entre os sistema SICAP e WinGT, que xerará unha tarefa en WinGT de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Para garantir que os servizos implicados rexistran as operacións dentro do mesmo exercicio, deberán comunicar con anterioridade ao rexistro contable/recadación a súa preferencia.

### *XI.- Rexistro e contabilización de dereitos*

O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo

en recadación, de tal xeito que estea garantida que a información nos distintos módulos é coherente.

En relación cos cargos relativos ás modificacións orzamentarias que xurdan por xeración de créditos nos estados de gastos, estarase ao previsto no expediente 36/143, "NORMAS CONTABLES DE APLICACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO GASTO QUE TEÑA FINANCIAMENTO AFECTADO, CALQUERA QUE SEXA O COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO." O dereito recoñecido será polo importe das obrigas recoñecidas.

#### *XII.- Tramitación de expedientes de Inspección e de xestión por revisión de autoliquidación do ICIO*

Aos efectos de imputar ao orzamento de ingresos as propostas de aprobación por actas de inspección e de revisión das autoliquidacións do ICIO, os expedientes terán que cargarse en Contabilidade e en Recadación con data límite 15 de decembro. Os restantes expedientes con proposta de liquidación e aprobación por órgano competente que non se remitan nos prazos referenciados, serán obxecto de tramitación no ano 2022 e a súa imputación será ao estado de ingresos do 2022.

#### *XIII.- Tramitación de aprazamentos e fraccionamentos*

Aos efectos de reservar a última quincena do ano para as operacións de comprobación e rectificación, as propostas de aceptación de aprazamento e fraccionamento solicitados, serán tramitadas con data límite do 15 de decembro, e a súa contabilización deberá estar rexistrada con data límite do 30 de decembro.

#### *XIV.- Aplicación da Recadación*

Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda, estea operativa e utilizable, os servizos de Recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e organizarán os recursos e demais axustes técnicos, de tal xeito que estean aplicados con data límite 12 de xaneiro 2022, para que estean aplicados todos os ingresos do ano 2021 nesa data.

#### *XV.- Contabilización de Facturas*

Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (30 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINISTERIO DE FACENDA correspondente ao cuarto trimestre, este servizo fará a contabilización de todos os documentos xeradores de obrigas nos primeiros 12 días do ano 2022, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar cumprimento ao obxectivo, polo que tal circunstancia pode supoñer unha replanificación no disfrute dos días de libre disposición ou do período vacacional se fose o caso.



## Concello de Vigo

### *XVI.- Anulación de créditos no estado de gastos*

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2021, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2022 se non se executaron no transcurso do ano 2021.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no último trimestre do ano, serán obxecto de incorporación como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2022, aínda que os créditos non se atopen na Fase contable "D" dentro do ano.

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2022. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2021.

En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VI, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopen os créditos.

Excepcións:

- a) Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2022 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2021.
- b) Os créditos correspondentes as modificacións de orzamento mediante crédito extraordinario ou suplemento de crédito do último trimestre aínda que estean en dipoñible, así como os que estean en fase "D", créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- c) Os que non tendo as condicións dos apartados anteriores, estean en fase "D", coa excepción dos contratos menores e que non fosen incorporados como remanentes de crédito ao orzamento do ano 2021.

Os servizos xestores do expediente de gasto, remitirán unha solicitude coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado, para a incorporación dos créditos, cando éstos teñan a cualificación de afectados ou para aqueles supostos nos que conorra a necesidade de incorporación.

Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.

### *XVII.- Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.*

Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes. Os axustes correspondentes ás operacións de referencias, teñen unha importancia determinante para o cálculo das desviacións de financiamento, tanto do ano como as acumuladas.

#### *XVIII.- Pagamentos*

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 198 da Lei de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro, do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días naturais seguintes a súa recepción.

De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.

Se a factura foi presentada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, se a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Pola Tesourería-Pagos, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

#### *XIX.- Operacións rexistradas en formalización*

As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a 30 de decembro, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.

No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.



## Concello de Vigo

En canto aos pagos agrupados, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2021, non procede facer este rexistro, e o pago farase con cargo ao ano 2022.

Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada na substitución de esta (antes 579).

Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobarase que a operación queda totalmente pechada.

O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o Tribunal de Contas, na rendición da Conta Xeral de cada ano, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.

En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá até o 30 de decembro para regularizar os saldos.

### *XX.- Ingresos pendentes de aplicación*

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, xera efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebemento e *ratio* de recadación orzamentario. Dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería-Recadación, o de facer a aplicación de todos ingresos aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

O O.A. XMU, terá aplicado a totalidade dos ingresos recadados e a aplicación do resultado do PMS ao ter a condición de ingreso afectado, deberá ser obxecto da preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos no estado de gasto, que será incorporada como remanente afectado ao Orzamento do ano 2022.

### *XXI.- Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro*

A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao Ministerio de Facenda dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos, no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga do custe da seguridade social de decembro máis a

regularización do mes de novembro e anteriores, fíxase a data límite do 30 de decembro 2021 para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2021.

A regularización do mes de decembro farase na carga da seguridade social do mes de xaneiro.

A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.

En canto a regularización do mes de decembro, ésta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarase a regularización do mes de decembro.

Ao quedar sen efecto a Orde ISM/888/2020, de 20 de setembro, de modalidade de pagos a conta, a partires do 1 de xaneiro do ano 2022, é de aplicación o sistema de pago previsto no artigo 56.1 do Regulamento Xeral de Recadación da Seguridade Social. O primeiro mes que se aplicará este criterio será para a liquidación do mes de decembro do ano 2021 que terá o seu ingreso no mes de xaneiro do ano 2022.

A unidade da Área de RR.HH e Formación que teña ao seu cargo esta función, coa descarga de información do aplicativo SILTRA dentro do sistema RED, verificará a liquidación directa que faga a TXSS, e terá que remitir ao Servizo de Contabilidade, antes do día 20 de xaneiro do ano 2022, a liquidación correspondente aos devengos do mes decembro do ano 2021.

#### *XXII.- Anticipos feitos ao persoal*

Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.

Así mesmo, comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2019, polo que, o responsable da contabilización deste ingreso, informará sobre a situación excepcional se concorrese.

Sobre este extremo, no transcurso do ano 2021, déronse as instrucións oportunas para facer as comprobacións sobre os saldos.

*Para aqueles supostos de anticipos que están pendentes de reintegro, iniciarase o preceptivo expediente conducente á regularización dos saldos.*

#### *XXIII.- Nómina do mes de decembro.*

A Base 33ª.3 de Execución do Orzamento, establece que a nómina do mes de decembro, estará axustada aos prazos que regulen as instrucións de peche que serán aprobadas antes da entrada do



## Concello de Vigo

mes de novembro. A tramitación das incidencias do mes de decembro aos efectos de formación da nómina e o seu pagamento, que será o 22 de decembro, as incidencias que afecten á nómina do mes de decembro, terán que estar aprobadas e remitidas ao servizo de nóminas, visadas polo servizo de fiscalización antes das 14 horas do día 13 de decembro.

A tramitación da nómina do mes de decembro, xuntamente con todos os actos que poidan xerar unha incidencia, constitúe unha excepción á formación e tramitación da nómina dos restantes meses.

### *Proposta*

Ao abeiro da Resolución de delegación de Competencias e da Disposición Adicional SEXTA das Bases de Execución do Orzamento, propónse ao Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, aprobar as Normas de Peche do Exercicio Orzamentario do ano 2021.

### Notificación

Dese conta destas instrucións a todos os Sres./as Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Inspección, Dirección de ingresos e Xerencia Municipal de Urbanismo.

No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario, xuntamente co oficio relativo á tramitación de facturas do mes de decembro, serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento de todos os interesados.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **10(921).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES Á “CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2021”. EXPTE. 10077/320.**

Visto o informe de fiscalización do 15/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 14/10/2021, asinado pola xefe do servizo, polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 21 de maio de 2021, aprobáronse as bases reguladoras das subvencions para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2021.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 103 do 2 de xuño de 2021, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (4 de xuño de 2021).

Durante este prazo (de 5 de xuño a 25 de xuño de 2021), achegaron un total de corenta e dúas solicitudes (42):

	<b>EXPTE</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>DATA REXISTRO</b>
1	320-10178	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO	2021/06/14
2	320-10180	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	2021/06/17
3	320-10185	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO	2021/06/17
4	320-10187	ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA	2021/06/18
5	320-10189	ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA SAN GREGORIO	2021/06/18
6	320-10191	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NOSAS RUAS	2021/06/21
7	320-10192	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE	2021/06/21
8	320-10193	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	2021/06/22
9	320-10194	A.V.V. 'CAMIÑO VELLO DE COIA'	2021/06/22
10	320-10195	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO	2021/06/21
11	320-10198	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO D	2021/06/21
12	320-10200	ASOCIACION DE VECIOS DE PARADA-MACEIRIÑA RÚAS E FONTES	2021/06/23
13	320-10201	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	2021/06/22
14	320-10209	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	2021/06/22
15	320-10211	ASOC CULTURAL TRASPES	2021/06/21
16	320-10212	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA	2021/06/24
17	320-10213	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	2021/06/24
18	320-10214	ASOCIACION VECIÑAL CASCO VELLO	2021/06/24
19	320-10218	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	2021/06/24





## Concello de Vigo

	EXPTE	ENTIDADE	DATA REXISTRO
20	320-10219	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUXO	2021/06/25
21	320-10220	A.V.C.D. SAMPAIO	2021/06/24
22	320-10221	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	2021/06/24
23	320-10222	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO	2021/06/24
24	320-10223	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	2021/06/24
25	320-10224	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	2021/06/24
26	320-10227	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO	2021/06/24
27	320-10230	ASOC CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO	2021/06/25
28	320-10231	AVCD LAVADORES AVCD LAVADORES	2021/06/24
29	320-10232	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	2021/06/24
30	320-10233	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	2021/06/23
31	320-10234	ASOCIACION DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA	2021/06/23
32	320-10235	ASOCIACION DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL	2021/06/23
33	320-10236	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	2021/06/23
34	320-10237	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	2021/06/23
35	320-10238	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	2021/06/23
36	320-10239	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	2021/06/23
37	320-10240	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL	2021/06/24
38	320-10241	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	2021/06/25
39	320-10242	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	2021/06/25
40	320-10243	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO	2021/06/25
41	320-10244	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	2021/06/24
42	320-10245	U.V.C.D CANDEAN	2021/06/25

## OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2021 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"

## CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 200.000 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*". A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 6.000,00 € ou o importe solicitado pola entidade interesada.

Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II "Gastos de investimento: equipamento" e Programa III "Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles", é de 175.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada "Subvencións Capital Asociacións", do orzamento de 2021. A subvención por estes conceptos non poderá superar, en ningún caso, os 5.000,00 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000,00 €, agás no caso de obras destinadas a mellora a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000,00 €

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

- Programa I: 200.000 €
- Programa II: 65.000 €
- Programa III: 110.000 €

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base cuarta das subvencións.

## PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:



## Concello de Vigo

- a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.  
Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 2000	4
Ano 2001 a 2006	3
Ano 2007 a 2013	2
Ano 2013 a 2019	1
En adiante	0

Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

- b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos  
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2020): Ata 5 puntos

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

- d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

Mayor número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas:	2 puntos
4-7 programas:	3 puntos
8-11 programas:	4 puntos
12 ou mais programas:	5 puntos

Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Sí:	2 puntos
Non:	0 puntos
Parcial:	1 puntos

Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades:	0 puntos
1-3 entidades ou colaboración puntual:	1 puntos
4 ou mais entidades ou colaboración estable:	2 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

**f) Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €:	1 punto	De 4.001 a 4.500 €:	11 puntos
De 1.001 a 1.250 €:	2 puntos	De 4.501 a 5.000 €:	12 puntos
De 1.251 a 1.500 €:	3 puntos	De 5.001 a 5.500 €:	13 puntos
De 1.501 a 1.750 €:	4 puntos	De 5.501 a 6.000 €:	14 puntos
De 1.751 a 2.000 €:	5 puntos	De 6.001 a 6.500 €:	15 puntos
De 2.001 a 2.250 €:	6 puntos	De 6.501 a 7.000 €:	16 puntos
De 2.251 a 2.500 €:	7 puntos	De 7.001 a 8.000 €:	17 puntos
De 2.501 a 3.000 €:	8 puntos	De 8.001 a 9.000 €:	18 puntos
De 3.001 a 3.500 €:	9 puntos	[...]	
De 3.501 a 4.000 €:	10 puntos	De 15.001 en adiante :	25 puntos



## Concello de Vigo

Mellora da accesibilidade, cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade:

100 % 5 puntos

Igual ou superior ao 75% 4 puntos

Igual ou superior ao 50 % 3 puntos (**Aplicouse á A.VV Sárdoma 57,32 %**)

Igual ou superior ao 25 % 2 puntos

Menos do 25 % 1 punto (**Aplicouse á A.VV S. Xunxo Saiáns 24,94 %**)

**g) Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:

Ata 3 rexistros: 4 puntos

De 4 a 6 rexistros: 8 puntos

Mais de 7 rexistros: 10 puntos

Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

**h) Xustificación das subvencións.-** Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas.

Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 14ª:

*"Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: "Memoria de actividades 2020" ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.*

Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2020

A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.

Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

## CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, “Asociacións veciñais” e “Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais”, respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

Porén, se propón ao órgano competente a desestimación da seguinte solicitude:

1. **Asociación Cultural Traspés** (G-27739861) (EXPTE: 10211-320), inscrita no RMA co núm. de rexistro 1113-10, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava.

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 6.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 6.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellora a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100% do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000,00 €

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3). Para dar cumprimento a este requisito, as persoas que ostentan o cargo de secretario/a, achegan unha certificación nos que se contemplan estes termos.

f) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 7.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2020, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de “xustificación de subvención”, previsto na Base 11.h) da convocatoria.

g) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.



## Concello de Vigo

i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 10ª e aprobada como modelo oficial

j) Incorporárase como Anexo I á acta, da Comisión de Valoración, de conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”).

### PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, con data 22/09/2021, conforme ao establecido no apartado 12ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración que preside, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	A xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das corenta (40) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas a continuación, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

Deste xeito, a comisión de valoración, en xuntanza de 22/09/2021, conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:

### DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das presentadas por 1 entidade, que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen

competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal ))</b>		
<b>CIF/NIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>NÚMERO DE EXPEDIENTE</b>
G-27739861	Asociación Cultural Traspés	10211-320

1. **Asociación Cultural Traspés** (G-27739861) (EXPTE: 9668-320), inscrita no RMA co núm. de rexistro 1113-10, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

Así mesmo, propónse a **desestimación** da subvención solicitada pola **Asociación Barrio Alto Casco Vello (G-27800861)**, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento solicitado o pasado 17 de agosto a través da notificación electrónica rexistrada no expediente nº10230-320, no que se lle requiría o seguinte:

*“Dende o servizo de Participación Cidadá, unha vez examinada a súa solicitude de subvención para o ano 2021, apreciouse que non reúne todos os requisitos establecidos nesta convocatoria, polo que se lle require para que emende os seguintes apartados:*

- *Os datos da Xunta directiva que constan no **Anexo I. Solicitude**, non concordan cos datos que figuran no Rexistro Municipal de Asociacións, polo que deben remitir unha actualización de estes dos para incluír no expediente do Rexistro.*
- *O **Anexo III** presentado non se corresponde con dito anexo, xa que se remitiu no seu lugar o Anexo II de Actividades, polo que falta por presentar o Anexo III. Orzamento*
- *No **Anexo VI** esta marcada a opción de “SI” se autoriza, pero falta riscar a cela de cada un dos documentos para os que se dá dita autorización.*

*A **Certificación de cumprimento dos obxectivos** e da capacidade e estrutura para acadalos, esta asinada pola presidenta da entidade, pero conforme as bases reguladoras debe asinala a persoa que ostenta o cargo de secretaria ou persoa habilitada (acreditar esta habilitación).”*

<b>TÁBOA 2 (Solicitude e documentación incompleta)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>EXPTE</b>	<b>MOTIVO de DESESTIMACIÓN</b>
G-27800861	Asociación Barrio Alto Casco Vello	10230-320	Base 6.2: as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicable para acadar a condición de beneficiarios

**RETIRADA DE CONCEPTOS SOLICITADOS POR NON CONSIDERARSE CONCEPTOS SUBVENCIONABLES**





## Concello de Vigo

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, e conforme á base terceira da convocatoria de subvencións “Gastos subvencionables”, a comisión de valoración considera que non son gastos subvencionables os descritos a continuación dentro dos Programa III:

### “TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

[...]

#### **Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”:**

- *Adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.*

<b>TÁBOA 3 (Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3º da convocatoria</b>				
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
G-36972024	Asociación Veciñal Curva de San Gregorio	III	Estudio Proxecto Aparcamento	726,00 €

### DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INICIAIS

As entidades que se describen a continuación presentan no rexistro web, con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de subvencións, unha solicitude de modificación do concepto subvencionable ou do importe solicitado.

Se propón a desestimación da solicitudes de rectificación de ditas entidades xa que as mesmas se producen unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido aos efectos, ao tempo que, tampouco pode ser considerada como unha emenda da documentación presentada ou dun defecto subsanable nin unha mellora voluntaria das solicitudes, ao abeiro do artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas (LPAP).

En definitiva, **ditas solicitudes supoñen unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo e non contemplada nas bases da convocatoria:**

<b>TÁBOA 4 (Novas solicitudes con conceptos non contemplados en algún programa da solicitude inicial)</b>				
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>

G-36863348	Unión Veciñal Candean	I	Aumenta o importe da subvención solicitada no Programa I. Gastos de Mantemento	6.000,00 €
------------	-----------------------	---	--	------------

Unha vez eliminadas da relación as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

<b>TÁBOA 5 : ENTIDADES BENEFICIARIAS</b>			
	<b>EXPTE</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>DATA REXISTRO</b>
1	320-10178	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO	2021/06/14
2	320-10180	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	2021/06/17
3	320-10185	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FONTE DO GALO	2021/06/17
4	320-10187	ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARELA	2021/06/18
5	320-10189	ASOC. COLECTIVO VECIÑAL CURVA SAN GREGORIO	2021/06/18
6	320-10191	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NOSAS RUAS	2021/06/21
7	320-10192	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE	2021/06/21
8	320-10193	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	2021/06/22
9	320-10194	A.V.V. 'CAMIÑO VELLO DE COIA'	2021/06/22
10	320-10195	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO	2021/06/21
11	320-10198	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO D	2021/06/21
12	320-10200	ASOCIACION DE VECIOS DE PARADA-MACEIRIÑA RÚAS E FONTES	2021/06/23
13	320-10201	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	2021/06/22
14	320-10209	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	2021/06/22
15	320-10212	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCABRE	2021/06/24
16	320-10213	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	2021/06/24
17	320-10214	ASOCIACION VECIÑAL CASCO VELLO	2021/06/24
18	320-10218	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	2021/06/24



## Concello de Vigo

19	320-10219	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUXO	2021/06/25
20	320-10220	A.V.C.D. SAMPAIO	2021/06/24
21	320-10221	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	2021/06/24
22	320-10222	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO	2021/06/24
23	320-10223	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	2021/06/24
24	320-10224	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	2021/06/24
25	320-10227	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO	2021/06/24
26	320-10231	AVCD LAVADORES AVCD LAVADORES	2021/06/24
27	320-10232	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	2021/06/24
28	320-10233	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	2021/06/23
29	320-10234	ASOCIACION DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA	2021/06/23
30	320-10235	ASOCIACION DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL	2021/06/23
31	320-10236	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	2021/06/23
32	320-10237	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	2021/06/23
33	320-10238	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	2021/06/23
34	320-10239	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	2021/06/23
35	320-10240	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL	2021/06/24
36	320-10241	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	2021/06/25
37	320-10242	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	2021/06/25
38	320-10243	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO	2021/06/25
39	320-10244	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	2021/06/24
40	320-10245	U.V.C.D CANDEAN	2021/06/25

### CONFORMIDADE COAS OBRAS EN LOCAIS MUNICIPAIS

Tralo estudo das solicitudes achegadas para o Programa III, correspondentes a “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”, comprobouse que os locais onde desenvolven as súas actividades 10 das entidades solicitantes e onde se pretende executar as obras, son de titularidade municipal.

No momento de xustificación das subvencións recibidas, as entidades beneficiarias deberán indicar o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

Como anexos ao presente informe, constan no expediente os seguintes documentos:

**1. ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN e ANEXO I á ACTA** da conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, que son obxecto de subvención no Programa III. Obras.

**2. INFORMES COMPLEMENTARIOS (2)** explicativos das puntuacións realizadas nos criterios:

a) “Colaboración coa Administración Local”

b) “Xustificación das subvencións outorgadas no ano 2020”

**3. TÁBOA “BAREMO”** na que se reflicten os datos e puntuacións obtidas por cada entidade en cada un dos criterios obxecto de valoración (**ANEXO II**)

**Á vista do exposto anteriormente, una vez avaliadas as solicitudes achegadas pola Comisión de Valoración e, de conformidade coa Base 12 da norma reguladora da subvención, fórmase proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal:**

9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente

### **RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2021:**

**PRIMEIRO: CONCEDER,** ás corenta (40) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás”, cunha dotación de 200.000 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións”, dotada con 175.000,00 €, subvención en concepto de “Gastos de mantemento” (Programa I), “Gastos en investimento: equipamento” (Programa II) e/ou “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” (Programa III), correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2021”, polo contía total que se reflicte a seguir:



# Concello de Vigo

CIF	ASOCIACIÓN	MANTEMENTO			EQUIPAMENTO				OBRA			TOTALS			
		PROXECTO	PTO	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	PTO	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	PTO	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
1 G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Arrendamento. Material Funxible. Gastos de Persoal.	53	11.524,63 €	4.563,28 €	Material Informático, Mobiliario Oficina e Similares. Material para Actividades. Material COVID.	32	750,00 €	750,00 €					12.274,63 €	5.313,28 €
2 G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarias e Conservación. Inversión COVID.	73	11.088,12 €	6.000,00 €	Material Audiovisual. Material para Actividades. Equipamento deseño e patronaxe industrial	70	7.243,72 €	3.223,63 €	Licenzas Urbanísticas	59	1.822,10 €	1.457,68 €	20.153,94 €	10.681,31 €
3 G-36709004	A.V. Doutor Fleming	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarias e Conservación. Inversión COVID. Gastos de Persoal.	53	4.341,63 €	4.341,63 €	Material COVID.	44	109,98 €	109,98 €					4.451,61 €	4.451,61 €
4 G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarias e Conservación. Inversión COVID.	71	7.887,28 €	6.000,00 €	Material Audiovisual. Mobiliario Oficina e Similares. Material para Actividades. Material COVID. Cafetera. Estores	66	5.693,13 €	3.039,42 €	A: Reparación e cambio de portas interiores do local. B: Adaptación de baños minusválidos	82	25.688,33 €	9.676,12 €	39.268,74 €	18.715,54 €
5 G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Gastos de Persoal.	82	18.502,00 €	6.000,00 €					A: Reparación rede eléctrica do local social	50	1.765,81 €	1.412,64 €	20.267,81 €	7.412,64 €
6 G-36644904	A.VV Rosalía de Castro da Salgueira	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible.	66	8.091,40 €	4.935,75 €					A: Instalación de cortinas no palco do Auditorio	54	2.400,00 €	1.464,00 €	10.491,40 €	6.399,75 €
7 G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarias e Conservación. Inversión COVID. Lixadora.	63	4.759,08 €	4.759,08 €	Material Informático.	62	4.300,00 €	2.855,21 €					9.059,08 €	7.614,29 €
8 G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Inversión COVID.	66	7.114,44 €	5.000,00 €	Mobiliario Oficina e Similares (aire acondicionado portatil, radiador, termoventilador)	50	590,00 €	590,00 €	Instalación reixas nas ventás	52	1.900,33 €	1.500,00 €	9.604,77 €	7.090,00 €
9 G-36659829	A.V. De Coruxo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarias e Conservación.	59	6.883,82 €	5.079,88 €	Material Informático. Material COVID.	46	1.636,98 €	1.636,98 €					8.520,80 €	6.716,86 €
10 G-36842284	A.V.V. Da Miñoica	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible.	69	5.210,90 €	5.210,90 €	Material Informático, Material Audiovisual. Mobiliario Oficina e Similares.	67	4.100,00 €	3.085,47 €					9.310,90 €	8.296,37 €
11 G-36648103	A.V.C.D. Sampaio	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Avarias e Conservación. Inversión COVID.	60	5.195,00 €	5.165,98 €	Renovación de Estores	60	4.671,35 €	2.763,11 €	A: Reparación e conservación: pintado do local e impermeabilización de terraza	64	25.759,05 €	7.552,09 €	35.625,40 €	15.481,18 €

12	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Xestión Protección Datos (Aysinnova)	59	4.743,00 €	4.743,00 €														4.743,00 €	4.743,00 €	
13	G-36645885	A.VV Casco Vello	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Material Funxible. Avarías e Conservación.	73	7.687,00 €	6.000,00 €														7.687,00 €	6.000,00 €	
14	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos												A: Ampliación da Calefacción: A: Reparación do Tecto	69	13.760,74 €	8.142,10 €				13.760,74 €	8.142,10 €
15	G-36640860	A.V.C.U. "Val do Fragoso"	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Mantenimento Ascensor	50	2.816,43 €	2.816,43 €	Mobiliario Oficina e Similares (Espellos local)	38	1.839,20 €	1.749,97 €				A: Acondicionamento Eléctrico	50	7.775,05 €	5.900,07 €				12.430,68 €	10.466,47 €
16	G-36648293	A.V.Do Calvario	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Aguaservice. Protección Datos (Renting-Confialis)	70	6.389,97 €	6.000,00 €	Material Informático.	56	80,85 €	80,85 €										6.470,82 €	6.080,85 €	
17	G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID. Gastos de Persoal.	87	36.993,06 €	6.000,00 €	Material para Actividades. Material COVID. Estufa Deshumidificador. Foco Led (Dowlig Led Super Redon)	70	4.642,72 €	3.223,63 €				A: Pavimentado de aulas. Porta acceso	83	17.865,22 €	9.794,12 €				59.501,00 €	19.017,75 €
18	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Inversión COVID. Gastos de Persoal.	67	6.665,31 €	5.768,68 €	Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares. Material para Actividades.	61	3.419,53 €	2.809,16 €				A: Substitución caldeira. Forrado tello almacén. Porta corredera B. Bandeira para rampa minusválidos (2ª fase)	68	8.195,44 €	6.965,15 €				18.280,28 €	15.542,99 €
19	G-36654036	A.V.De Matamá "A Unión"	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación.	69	4.333,41 €	4.333,41 €	Mobiliario Oficina e Similares. Quentador eléctrico.	73	5.798,58 €	3.361,78 €										10.131,99 €	7.695,19 €	
20	G-36659894	A.V.De San Roque	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Arrendamento. Material Funxible. Inversión COVID.	60	5.574,53 €	5.165,98 €	Material Informático. Material Audiovisual. Material COVID.	54	2.913,77 €	2.486,80 €										8.488,30 €	7.652,78 €	
21	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Inversión COVID.	74	12.219,34 €	6.000,00 €	Material Informático. Material Actividades (Redes)	56	2.233,61 €	2.233,61 €										14.452,95 €	8.233,61 €	
22	G-36640985	A.V. "As Nosas Rúas"	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Comunidade. Seguridade Social (parte empresarial)	63	10.820,08 €	5.424,28 €														10.820,08 €	5.424,28 €	
23	G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	58	3.333,13 €	3.333,13 €	Material Informático. Material Audiovisual. Material para Actividades. Desbrozadora. Horquilla. Rastrolo.	46	2.245,59 €	2.118,38 €										5.578,72 €	5.451,51 €	
24	G-36648608	A.V.Emilio Crespo de Navia	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID. Mantenimento Desfibrilador. Gastos Persoal.	67	9.083,31 €	5.768,68 €	Material Informático. Material Audiovisual. Instrumentos Musicais. Deshumidificador.	57	2.980,00 €	2.624,95 €				A: Conservación e mantemento local (Reparación canos terraza. Reparación terraza e ventás)	69	9.623,37 €	7.698,69 €				21.686,68 €	16.092,32 €
25	G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	56	7.855,00 €	4.821,58 €	Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares. Material COVID.	51	3.208,00 €	2.348,64 €										11.063,00 €	7.170,22 €	
26	G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Pardavilla"	Gastos Mantenimento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	57	4.156,65 €	4.156,65 €	Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares.	44	516,85 €	516,85 €				A: Portas Servizos A: Panelado antihumedade Ximnasio	55	3.408,23 €	2.726,58 €				8.081,73 €	7.400,08 €



# Concello de Vigo

27	G-36972024	Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Arrendamento. Material Funxible. Inversión COVID.	60	7.406,13 €	5.165,98 €	Mobiliario Oficina e Similares	42	2.445,41 €	1.934,17 €				9.851,54 €	7.100,15 €	
28	G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Arrendamento. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID. Gastos de Persoal.	63	10.480,88 €	5.424,28 €	Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares. Material para Actividades. Material COVID. Desfibrilador	53	2.744,73 €	2.440,74 €				13.225,61 €	7.865,02 €	
29	G-36729796	AVV. Feira Cabral	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID (Palco exterior)	63	4.887,50 €	4.887,50 €	Material Informático. Material Audiovisual.	52	1.265,06 €	1.265,06 €	A: Pintado das instalacións	52	3.326,49 €	2.661,19 €	9.479,05 €	8.813,75 €
30	G-27749217	A.VV. O Torreiro de Coia	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Arrendamento. Material Funxible. Tubos fluorescentes.	54	5.156,59 €	4.649,38 €	Material COVID.	40	109,98 €	109,98 €				5.266,57 €	4.759,36 €	
31	G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID. Gastos de Persoal.	73	11.986,50 €	6.000,00 €	Material Audiovisual. Material COVID. Fabricador Xeo, Alimentador Yamaha, Calentador, Piano e baqueta	61	3.945,58 €	2.809,16 €	A: Cambio de focos e luces por LEDs	47	2.213,52 €	1.770,81 €	18.145,60 €	10.579,97 €
32	G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación.	83	19.565,00 €	6.000,00 €	Material Informático. Material Audiovisual. Conxelador. Desbrozadora. Teléfono móbil.	67	5.162,00 €	3.085,47 €	A: Renovación chan local social	72	8.975,00 €	7.180,00 €	33.702,00 €	16.265,47 €
33	G-36628543	A.C.D.Xestas	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación.	70	7.020,00 €	6.000,00 €	Material Audiovisual. Material para Actividades. Toldo. Lavalozas	59	2.134,00 €	2.134,00 €	A: Cambio de canos de recollida augas do pavillón central	68	7.676,90 €	6.141,52 €	16.830,90 €	14.275,52 €
34	V-36658680	C.C.R.de Cabral	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	79	13.981,49 €	5.000,00 €	Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares.	64	3.687,17 €	2.928,54 €	A: Pintado de paredes e teitos para conservación do local	67	5.151,12 €	4.120,89 €	22.819,78 €	12.049,43 €
35	G-36617082	C.C.R. De Valladares	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais.	73	6.202,42 €	6.000,00 €	Material Informático. Material Audiovisual.	74	6.335,00 €	3.407,83 €	A: Substitución portas acristaladas (2ª fase)	84	18.706,13 €	9.912,12 €	31.243,55 €	19.319,95 €
36	G-36863348	UVCD Candeán	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	76	15.750,00 €	5.000,00 €								15.750,00 €	5.000,00 €	
37	G-36791291	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Gastos de Persoal.	48	4.653,54 €	4.132,78 €	Material para Actividades. Material COVID.	38	350,00 €	350,00 €				5.003,54 €	4.482,78 €	
38	G-36655942	A.VV Rúas e Fontes-Parada	Gastos Mantemento: Subministrados. Seguros.	46	4.980,00 €	3.960,58 €	Material Informático. Mobiliario Oficina e Similares. Material para Actividades. Material COVID.	49	6.250,00 €	2.256,54 €	A: Traballos de pintura e reparación de tellado.	59	16.450,00 €	6.962,08 €	27.680,00 €	13.179,20 €
39	G-36627495	C.R.A.C.Coruxo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Impostos. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	73	13.050,00 €	6.000,00 €	Material Informático. Material Audiovisual.	41	655,00 €	655,00 €	A: Limpeza da pedra, encintado e repintado da fachada exterior	59	9.329,10 €	6.962,08 €	23.034,10 €	13.617,08 €
40	G-36698686	Asociación Folclórica, Cultural, Veciñal Andarela	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Arrendamento. Material Funxible. Material Covid	51	5.660,72 €	4.391,08 €	Material Informático.	38	15,00 €	15,00 €				5.675,72 €	4.406,08 €	
						199.999,90 €				64.999,91 €			191.791,93 €	109.999,93 €	629.914,01 €	374.999,74 €

**SEGUNDO: DESESTIMAR**, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 7ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación dunha entidade, que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións e que operen no movemento veciñal.

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal )</b>		
<b>CIF/NIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>
G-27739861	Asociación Cultural Traspés	200143386

**TERCEIRO: DESESTIMAR**, conforme á base 7ª da convocatoria, a solicitude da **Asociación Barrio Alto Casco Vello (G-27800861)**, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento solicitado o pasado 17 de agosto a través da notificación electrónica rexistrada no expediente nº10230-320.

<b>TÁBOA 2 (Solicitude e documentación incompleta)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>EXPTE</b>	<b>MOTIVO de DESESTIMACIÓN</b>
G-27800861	Asociación Barrio Alto Casco Vello	10230-320	Base 7.2: as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicable para acadar a condición de beneficiarios

**CUARTO: DESESTIMAR**, conforme á base 3ª da convocatoria, os conceptos derivados de “Gastos non subvencionables” solicitados pola seguinte entidade no Programa III (Gastos en Obras):

<b>TÁBOA 3 (Solicitudes con “Gastos Non Subvencionables” conforme á base 3ª da convocatoria)</b>				
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
G-36972024	Asociación Veciñal Curva de San Gregorio	III	Estudio Proxecto Aparcamento	726,00 €

**CUARTO: DESESTIMAR**, as solicitudes de modificación ou rectificación de proxectos, por tratarse de reformulacións ou modificacións “de facto” dos proxectos inicialmente presentados, realizadas fóra de prazo e non contempladas nas bases da convocatoria, que se relacionan deseguido:





Concello de Vigo

<b>TÁBOA 4 (Novas solicitudes con conceptos non contemplados en algún programa da solicitude inicial)</b>				
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAM A</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
G-36863348	Unión Veciñal Candean	I	Aumenta o importe da subvención solicitada no Programa I. Gastos de Mantemento	6.000,00 €

**QUINTO: NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**SEXTO: INFORMAR**, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**SÉTIMO: ORDEAR**, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

**OITAVO: AMPLIAR** o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **29 de outubro de 2021** [...]

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(922).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE "SAÚDE MENTAL FEAFES GALICIA" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ENTRE OS MESES DE OUTUBRO DE 2020 A SETEMBRO DE 2021. EXPTE. 10141/320.**

Visto o informe de fiscalización do 15/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 07/10/2021, asinado pola xefe do servizo, polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 25/05/2021, Don José Ramón Girón García (DNI: 3321\*\*\*\*), en calidade de presidente da entidade "Saúde Mental FEAFES Galicia" (CIF: G15545353), achegou escrito (doc.210090223), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2021, entre os meses de outubro de 2020 a setembro 2021, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don José Ramón Girón García, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Saúde Mental FEAFES Galicia" , seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14/06/2021.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14/06/2021.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 14/06/2021.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 04/10/2021

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).



**Concello de Vigo**

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (01/10/20 - 30/09/21)</b>	
Aluguer local	7.368,90 €
Material Divulgativo	125,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.493,90 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2020 - 30/09/2021)</b>	
Concello de Vigo	5.000,00 €
Aportación propia da entidade	2.493,90€
<b>TOTAL</b>	<b>7.493,90 €</b>

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Entidade Saúde Mental FEAFES Galicia", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 479/96, segundo resolución de data 29/07/1996.

V. O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 "Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 21/09/2021 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 04/10/2021 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### ***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (G15545353), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2020 ata setembro de 2021.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Saúde Mental FEAFES Galicia”.

Segundo recolle o art. 6 dos Estatutos de Saúde Mental FEAFES Galicia, entre os fins , de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivos.
- ✓ Esixir a adecuada atención sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral.
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinação e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade.
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo.
- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos.
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia.
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo.
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas.
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.



**Concello de Vigo**

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio Don José Ramón Girón García, con DNI 3321\*\*\*\*, en calidade de Presidente da entidade Saúde Mental FEAFES Galicia (CIF : G15545353), con domicilio social na Rúa Aragón, 147 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10141/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e

oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4800007 "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



**Concello de Vigo**

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

#### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/20 e o 30/09/21, sempre e cando,

segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concede.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **29 de outubro de 2021**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente





## Concello de Vigo

para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

### ACORDO

**PRIMEIRO: AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800007 denominada "*Convenio Saúde Mental FEAFES Galicia*", incluída no vixente orzamento municipal de 2021.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade "*Saúde Mental FEAFES Galicia*" (CIF.- G15545353)", cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2020 e setembro de 2021, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00 € (cinco mil euros).

**TERCEIRO.-** E competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luís Estévez Rodríguez por delegación expresa do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(923).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECURSO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16/09/2021, POLO QUE SE APROBAN AS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A MEDIO EN RELACIÓNS LABORAIS . EXPTE. 38563/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral da área de RR HH e Formación, pola xefa da área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16/09/2021, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como Técnico/a medio en relacións laborais (Subgrupo A2). Expte. 38173/220. (BOP nº 186 de 27/09/2021)

II.- En data 01/10/2021, o Sr. España Piñeiro (NP 15094), con DNI 36\*\*\*\*70 \*, presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local referido no antecedente I de este informe.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

I.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente, por ser titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo recorrente, en tanto que o 27/09/2021, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local agora impugnado, presentando o recurso o día 01/10/2021.



**Concello de Vigo**

II.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

III.- Interpón o Sr. España Piñeiro recurso de reposición alegando en síntese:

+ Que as bases específicas da convocatoria vulneran o principio de igualdade, mérito e capacidade por establecer unhas datas límites para valorar os méritos, así, valoran os procesos selectivos aprobados para postos de Técnico/a medio de relacións laborais, subgrupo A2 convocados polas diferentes administracións públicas nos últimos 6 anos e a experiencia profesional nos últimos 6 anos e formación complementaria, nos últimos 10 anos. Considera que se está discriminando ao non valorarse a formación e experiencia laboral anterior aos 6 e 10 anos respectivamente.

#### **Principio de igualdade, mérito e capacidade:**

O artigo 14 da Constitución española: *“Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social”*.

Pola súa banda o artigo 23.2 dispón: *“Asimismo, tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos, con los requisitos que señalen las leyes”*.

*E o artigo 103: “1. La Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho.*

*3.- La ley regulará el estatuto de los funcionarios públicos, el acceso a la función pública de acuerdo con los principios de mérito y capacidad, las peculiaridades del ejercicio de su derecho a sindicación, el sistema de incompatibilidades y las garantías para la imparcialidad en el ejercicio de sus funciones”*.

Resulta así mesmo de interese traer a colación a interpretación xurisprudencial dos principios de igualdade, mérito e capacidade, así a título de exemplo o Tribunal Supremo, Sala Tercera, do Contencioso-administrativo, Sección 7ª, Sentencia de 23/09/2002: *“Para dilucidar esta cuestión ha de partirse de la consolidada doctrina jurisprudencial en torno al derecho fundamental de acceso a las funciones públicas en condiciones de igualdad, mérito y capacidad que en ese artículo se consagra. El art. 23.2 CE c nstituye, sin duda, una especificación del principio de igualdad ante la ley formulado por el art. 14 CE, en cuanto que supone una aplicación de dicho principio al ámbito de las condiciones en que ha de producirse el acceso de los ciudadanos a las funciones y cargos públicos.*

*Tal precepto prohíbe reglas de procedimiento establecidas no en términos generales y abstractos, sino mediante referencias individuales y concretas, lo que implica que todo proceso selectivo no puede estar pensado ya de antemano para propiciar tal acceso a favor de persona o personas concretas, en detrimento de una sana igualdad de condiciones.*

*Obviamente, su aplicabilidad no exige la absoluta prohibición de la diferenciación de trato a diversas categorías de ciudadanos, sino la proscripción de la discriminación entre personas, categorías y grupos, por lo que puede entenderse que quiebra la igualdad cuando la diferenciación no está basada en motivos objetivos y, por el contrario, no resulta violada cuando dicha diferencia tiene una justificación racional y suficiente en relación a la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo darse una relación razonable de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida. En fin, dada la necesaria y recíproca relación entre este precepto y el 103-3 de la Constitución, de su juego se desprende que además de la de definición genérica de los requisitos o condiciones necesarias para aspirar a los distintos cargos y funciones públicas, la Constitución impone la obligación de no exigir para el acceso a la función pública requisito o condición alguna que no sea referible a los conceptos de mérito y capacidad de manera que pudieran también considerarse violatorias de dicha igualdad todas aquellas que, sin esas referencias, establezcan una diferencia entre los españoles”.*

Así a conculcación do principio de igualdade proclamado no artigo 14 da Constitución, esixe a previa demostración de que en situacións idénticas comparadas, a solución é diferente, sin que existan razóns obxectivas para o distinto tratamento.

### **Limitación temporal na valoración dos méritos**

A posibilidade de que se estableza un concreto lapso temporal baremable, foi resolta pola recente Sentenza do Tribunal Supremo de 26/05/2021, que no caso do persoal estatutario dos servizos da saúde, entrou a coñecer precisamente o suposto de que as bases da convocatoria limiten a valoración das actividades formativas cursadas nos 10 anos anteriores ao fin do prazo de presentación de instancias. Reproducimos parcialmente a referida sentenza «...De modo que, si en el desempeño de su función, el personal estatutario debe mantener actualizados sus conocimientos, resulta difícil sostener que para acceder a las funciones propias de una plaza de médico en la especialidad requerida, la actualización no resulta esencial, y que deba, por tanto, prescindirse de la misma a la hora de valorar los méritos, mediante la correspondiente puntuación. Debe ser considerado, por tanto, un elemento significativo a los efectos del artículo 31 del Estatuto Marco. Y debe repararse, por lo demás, que tal exigencia temporal no impide la participación en el proceso de selección, ni, a tenor de la incidencia sobre los apartados del baremo, su repercusión resulta desproporcionada.

*Téngase en cuenta, además, que cuando nos referimos a la formación continua se está aludiendo a una formación que, según las acepciones de la RAE, se extiende sin interrupción, que es constante, pues continuar es tanto como durar, permanecer. Se evidencia una cierta contradicción cuando se sostiene que la formación para el acceso a una plaza de médico ha de ser una formación continua y sin embargo resulte irrelevante que esté, o no, actualizada o que se trate de una formación desfasada. En definitiva, esa continua o permanente formación pretende alcanzar una adecuada actualización. No podemos considerar, en fin, discriminatoria una previsión que pretende primar, en la valoración de méritos, a aquellos en los que, con carácter general, concurre esa actualización en su formación.*

*Resulta difícil encontrar algún ámbito en el que resulte tan esencial la actualización, por el beneficio para la salud y la vida las personas, como en medicina, teniendo en cuenta la*



**Concello de Vigo**

*inmediatez de sus efectos sobre la prevención, diagnóstico y tratamiento de las enfermedades. Por no citar los constantes avances que tienen lugar en esa disciplina. En definitiva, la limitación controvertida establece una diferencia justificada y proporcionada. Dicho en los términos que resume la STC 200/2001, de 4 de octubre, el artículo 14 CE contiene, en su primer inciso, una cláusula general de igualdad, habiendo sido configurado este principio general de igualdad, por una conocida doctrina constitucional, como un derecho subjetivo de los ciudadanos a obtener un trato igual, que obliga y limita a los poderes públicos a respetarlo y que exige que los supuestos de hecho iguales sean tratados idénticamente, en sus consecuencias jurídicas (la misma puntuación para casos iguales) y que, para introducir diferencias entre ellos, tenga que existir una suficiente justificación de tal diferencia, como en este caso sucede con la necesaria actualización en la materia, que resulta fundada y razonable, de acuerdo con criterios y juicios generalmente aceptados, y cuyas consecuencias no resulten desproporcionadas, en los términos que antes expresamos por su incidencia general en el baremo de méritos.»*

No caso dos funcionarios públicos, é oportuno lembrar que a formación continua e a actualización permanente de súas competencias profesionais, está contemplada no Texto Refundido do Estatuto Básico de empregado publico, constituíndo tanto un dereito como un principio de conduta dos empregados públicos e sendo unha ferramenta esencial no desenvolvemento da súa carreira profesional. Dende a perspectiva das Administracións públicas, o aprendizaxe significativo durante toda a vida profesional de sus empregados é unha necesidade imprescindible para desenvolver eficaz seu mandato de servir aos intereses xerais.

#### **IV.- Conclusións:**

Aplicando o anteriormente exposto ao caso que nos ocupa, permite concluír que a fixación nas bases e convocatoria dunha bolsa de emprego dun técnico/a medio de relacións laborais, dun límite temporal na valoración da experiencia e a formación é acorde a dereito por as seguintes razóns:

- É un deber dos empregados públicos a permanente actualización dos seus coñecementos e capacidades.
- A dita limitación ten causa nunha razón obxectiva, xustificada e proporcionada, especialmente nun ámbito como son as relacións laborais, suxeita a unha normativa que está en continuo cambio, sendo preciso para desenvolver as funcións de técnico/a de relacións laborais, uns coñecementos actualizados. Polo tanto a limitación é respetuosa cos artigos 14 e 23.2 da Constitución española.
- A limitación ten incidencia nos méritos a valorar, non estando configurado como un requisito de participación no proceso selectivo.

En atención a todo o exposto, visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** De conformidade co Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto en data 01/10/2021 polo Sr. España Piñeiro (NP 15094), con DNI 36\*\*\*\*70 \*, contra o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 16/09/2021, polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, como Técnico/a medio en relacións laborais (BOP nº 186 de 27/09/2021).

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(924).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PÓLIZA DE SEGUROS PARA AS COLECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 3053/341.**

Visto o informe xurídico do 14/10/2021 e o informe de fiscalización do 15/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 08/10/2021, asinado pola xefe do servizo de xestión e promoción cultural, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

**ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade, previa á resolución de inicio do expediente, asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 24 de agosto de 2021.



## Concello de Vigo

- Memoria económica redactada, con data 24 de agosto de 2021, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.
- Retención de crédito de data 25 de agosto de 2021 (operación n.º 202100078130-RC)
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 31 de agosto de 2021, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.
- Memoria xustificativa de data 1 de setembro de 2021, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.
- Informe de data 4 de outubro 2021, da xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 7 de outubro de 2021, redactado pola xefa do servizo de Contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación de póliza de seguros para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

**Cuarto:** En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

**Quinto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Sexto:** Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións, o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP; que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) e a forma de aboamento do prezo (artigo 67.2.º do RLCAP)

**Sétimo:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP); a non división do contrato en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo

de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP); as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP); a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas; e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

**Oitavo:** No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 e 26 da LCSP.. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, simplificado e abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

**Noveno:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Décimo:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 25 de agosto de 2021.

**Décimo primeiro:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, simplificado e abreviado, de póliza de seguros para as coleccións do Patrimonio Cultural adscritas á Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos que rexerá a citada contratación, de data 31 de agosto de 2021, redactados polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo Director do Museo Municipal “Quiñones de León”.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 7 de outubro de 2021, redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **33.000 €** (trinta e tres mil), sen IVE ao estar os contratos de seguros exentos de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 3330.224.0000





**Concello de Vigo**

(“Seguros coleccións e inmobles”) do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación e disposición de gasto adicional correspondente ao período comprendido entre o 17 de outubro de 2021 e o 31 de decembro de 2021 a favor da mercantil Banco Santander, S.A. Expte. 43577/212.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**14(925).- PROPOSTA DE APROBACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTO ADICIONAL CORRESPONDENTE AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 17 DE OUTUBRO DE 2021 E O 31 DE DECEMBRO DE 2021 A FAVOR DA MERCANTIL BANCO SANTANDER, S.A. EXPTE. 43577/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 19/10/2021, dáse conta do informe-proposta de data 14/10/2021, asinado polo xefe de área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES.-**

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021**, adoptou o seguinte acordo ( EXPTE. 43577/212):

*“1º.- A continuidade da prestación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de vehículos para a Policía Local (expediente 43.577-212) nas mesmas condicións ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato (68.047-212) segundo as previsións do prego de cláusulas administrativas particulares e a oferta do adxudicatario por un período mínimo de 2 meses (desde o 15 de agosto ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato adxudicado no expediente 68.047-212).*

*2º.- Aprobar e dispoñer un gasto de 42.599,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.393,37 €, correspondente ao período de 2 meses (desde o 15 de agosto ata o 16 de outubro de 2021), a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.”*

Segundo .- O 30 de setembro de 2021 o adxudicatario do novo contrato renting (expte.: 68047/212), RODOSA, S.L., con invocación do art. 195.2 da Lei de Contratos por razón da crise da industria da automoción, solicitou a través do Rexistro Xeral ampliación do prazo de entrega de todos os vehículos con indicación das seguintes datas:

- Clases I y II: La fecha prevista para su entrega sería no más tarde del próximo 30 de diciembre de 2021 (sin perjuicio de que los 12 vehículos ya se encuentran en la actualidad fabricados).

- Clase III: La fecha prevista para su entrega sería no más tarde del próximo 28 de febrero de 2022 (si bien la fabricación de los 2 vehículos está programada para este mes de noviembre de 2021).

- Clase IV: La fecha prevista para su entrega sería no más tarde del próximo 30 de diciembre de 2021 (sin perjuicio de que el vehículo ya se encuentra en la actualidad fabricado).

- Clase V: La fecha prevista para su entrega sería no más tarde del próximo 30 de diciembre de 2021 (sin perjuicio de que los 2 vehículos ya se encuentran en la actualidad fabricados y en transporte vía España).

Terceiro.- O 13 de outubro de 2021 iniciouse expediente relativo á solicitude de ampliación do prazo e demais particulares derivados da execución do contrato, tramitado co número 78017-212 e declarado de urxencia pola concorrencia da continuación extraordinaria do contrato renting precedente.

Cuarto.- O 14 de outubro notificouse a RODOSA, S.A., a apertura dun período de proba de 5 días hábiles para aportar ao expediente cantas xustificacións documentais se teñan en relación á causa invocada.

Quinto.- O vehículo con matrícula 2138 JTJ (da clase II) do contrato renting cuxa continuidade foi obxecto do Acordo citado no antecedente primeiro, sufriu un accidente o 07 de setembro de 2021, e segundo a pericial practicada o valor de reparación excede notoriamente o valor venal e de afección, polo que non está dispoñible para o servizo.



**Concello de Vigo**

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de agosto de 2021 contempla unha prórroga que remata coa entrega dos vehículos do novo contrato, o que non ten acontecido no día da data.

Segundo.- O citado Acordo da Xunta de Goberno Local contempla unha autorización de gasto ata o 16 de outubro de 2021, polo que resulta indispensable ampliar a autorización do gasto ata a efectiva entrega dos novos vehículos, cunha previsión máxima de 30 de decembro de 2021, nos seguintes termos:

<i>Tipo Veh.</i>	<i>N.º Veh.</i>	<i>PREZO veh./día con IVE</i>	<i>PREZO (74 días con IVE;mes de 30 días)</i>
<i>CLASE I</i>	8	35,12	20.791,04
<i>CLASE II</i>	3	39,69	8.811,18
<i>CLASE III</i>	1	60,73	4.494,02
<i>CLASE IV</i>	2	46,56	6.890,88
<i>CLASE V</i>	2	46,72	6.914,56
	<b>16</b>		<b>47.901,68</b>

En mérito de canto antecede, previo informe da Intervención Xeral vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

*Aprobar e dispoñer no expediente 43.577-212 un gasto adicional por importe de 47.901,68 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.313,51 €, correspondente ao período comprendido entre o 17 de outubro de 2021 e o 31 de decembro de 2021 a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.*

### **15(926).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciron intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos Como secretario dou fe.

RS.

O CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez